

# Situación

A **variedade linguística** é un fenómeno que se observa facilmente ao reparar na gran cantidade de linguas que se falan no mundo, mais tamen ten reflexo no interior de cada idioma - variación intralingüística - en forma de variedades internas, comunmente denominadas dialectos, etc. A **variación diacronica** está constituída polas diferenzas que as linguas presentan ao longo da súa evolución no transcurso da historia. A **variación diatópica** ven condicionada polas peculiaridades idiomáticas características das diferentes áreas xeográficas onde se fala un idioma. Cada unha das variedades xeográficas dunha lingua caracterizada por uns trazos comúns e claramente delimitada no espazo recibe o nome de variedade sintópica. O conxunto de variedades sintópicas constitúe e define a **variación diatópica** dun idioma. Todas as linguas foron **dialectos** doutra anterior. A **variación diastrática** desenvólvese no eixe sociocultural e está formada polo conxunto das diferenzas lingüísticas propias de cada un dos distintos estratos sociais, económicos, culturais e profesionais aos que pertencen os falantes. Cada unha das variedades socioculturais da lingua recibe o nome de variedade sinestrática. O conxunto das variedades sinestráticas constitúe e define a **variedade diastrática** dun idioma. Entre os factores que condicionan os sociolectos ou niveis lingüísticos destacan: o nivel cultural e de instrución idiomática, o lugar de residencia e a profesión. Chámase **nivel de lingua** a destreza lingüística que posúe un falante. Hai varios niveis: nivel culto, medio, popular e vulgar. A **variación diafasica** garda relación coas situacións nas que se usa a lingua ou co tipo de comunicación que se establece o falante. Está constituída polas diferenzas das linguas nos seus usos habituais e en función da canle de comunicación empregada, os interlocutores, o tema da comunicación, a situación comunicativa, o contexto lingüístico. Cada unha das variedades situacionais da lingua recibe o nome de **variedade sinfasica**. O conxunto de variedades sinfásicas constitúe e define a variación diafásica dun idioma. Chámase **nivel de fala** á modalidade expresiva correspondente a cada situación comunicativa concreta que ven determinada polo interlocutor, o tema e o contorno no que se realiza. Podense distinguir os seguintes **rexistros**: rexistro formal e rexistro coloquial, no que se inclúirían as xergas esotéricas propias de grupos pechados ou marginais como as propias de oficios tradicionais, etc. Unha **lingua** non é unha estrutura unitaria e homoxénea senón un sistema complexo no que se cruzan unha serie de variedades sincrónicas, dialectais, socioculturais e situacionais. Para poder realizar o estudo e descrición dunha lingua é necesario acoutar e seleccionar, dentro da súa variación interna, unha modalidade sincrónica, unha variedade xeográfica, un nivel de lingua e un rexistro lingüístico. A variedade estándar é unha das linguas funcionais que se dá nunha lingua histórica. Esta variedade, correspondente ao nivel medio e ao rexistro formal, debe concordar cos hábitos xerais da lingua.

Desde o comezo da historia o ser humano creou códigos para comunicarse. As linguas podense **agrupar** de varias maneiras. Forman unha familia as linguas que derivan dunha mesma lingua. O **indoeuropeo** é o conxunto de idiomas que se estenderon entre a India e o oeste de Europa e que teñen unha orixe común e unhas semellanzas lingüísticas. As linguas románicas derivan do latín. A expansión do imperio romano provocara que o latín se expanda polos territorios dominados. Actualmente existen no mundo unhas 6 ou 7 mil linguas aínda que só están censadas 4 ou 5 mil. As linguas podense clasificar en: linguas con estado e linguas sen estado, linguas oficiais en máis dun estado, estados unilingües, estados plurilingües. Na **península** existen varias linguas: o **galego**, falado en Galicia e en zonas estreameiras de Asturias e das provincias de León e Zamora. **Catalán**: falado en toda Cataluña, nas Baleares, no Pirineo oriental, Andorra, Valencia e norte de Murcia. O **castelán** é a lingua oficial en 22 estados. Falase en España e Sudamérica e América Central. O **euscaro** é a única lingua preindoeuropea existente na Europa occidental, falase no País Vasco, norte de Navarra e suroeste de Francia. O **portugués** é unha das linguas máis espalladas por todo o mundo. O **asturiano** falase principalmente na provincia de Asturias. O **aragonés** só se mantén como lingua falada nalgúns vales de Huesca. O **aranés** falase no val d'Aran.